

BOLETÍN
UVIGO/HUMANA



O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info direc.equidade@uvigo.gal](mailto:direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. [+Info](#)

AXENDA

NOVEMBRO “enfocándonos na Axenda 2030 e nos ODS”

L	M	MÉ	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10 Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento	11	12	13
14	15	16 Día Mundial da Tolerancia.	17	18	19	20
21	22	23 Día Europeo das Persoas sen Teito	24	25 Día Internacional das Violencias Machistas	26	27
28	29	30				

CURSOS

Curso "Axenda 2030. Axentes do cambio". O Curso "Axenda 2030. Axentes do cambio" ten unha duración de 30 horas e vai dirixido ao alumnado da Universidade de Vigo que teña un forte compromiso coa protección do medio ambiente e coa erradicación das desigualdades no mundo. Docencia virtual do 10 de outubro ao 6 de novembro. [+Info](#)

Curso "Como elaborar un TFG/TFM en perspectiva da Axenda 2030 e Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento". Este curso vai dirixido ao alumnado de Mestrado e Grao, preferentemente de terceiro e cuarto curso, que desexe coñecer as claves do deseño e elaboración dun TFG e TFM baixo a temática dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030. Docencia a partir do 01/11/2022. [+Info](#)

Curso "Metodoloxía do Enfoque do Marco Lóxico (EML) aplicada aos Proxectos de Cooperación Internacional ao desenvolvemento presentados polas universidades galegas". A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), conformada polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, ten como finalidade promover o traballo en rede entre as universidades galegas nos eidos da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD), e a Educación para o desenvolvemento (EpD). Período de docencia 02/11/2022 - 12/12/2022 [+Info](#)



Curso "Introdución da sustentabilidade na docencia universitaria". Este curso está aliñado coa acción 4 establecida no Plan Estratéxico 21-26 da Universidade de Vigo para a consecución do Obxectivo 1. "Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial como en liña, en consonancia coa demanda da contorna, na que se prevé a inclusión de contidos específicos obrigatorios de carácter transversal en aspectos como as competencias dixitais e informativas, a igualdade o desenvolvemento sostible, o emprendemento, o compromiso social a inclusión (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030)". Período de docencia 04/11/2022 - 25/11/2022 [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Bolsas Uvigo-Refuxio para persoas desprazadas de Ucraína. O obxectivo desta convocatoria de bolsas é facilitar a integración no sistema universitario español a aquelas persoas con protección temporal por mor do conflito bélico de Ucraína, a través do Plan de Acción Universidade-Refuxio. [+Info](#)

Subvencións de Cooperación ao Desenvolvemento dirixidas a ONGD 2022. A Deputación de Pontevedra publica a convocatoria para a concesión de subvencións de cooperación ao desenvolvemento dirixidas a ONGD 2022. O prazo para a presentación de solicitudes remata o 13 de Novembro do 2022. [+Info](#)

Últimos días para a votación no II Concurso de vídeos "MÓVETE POLOS ODS". A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), convoca o [II Concurso de vídeos "Móvete polos ODS"](#), co obxectivo de dar a coñecer os



Objetivos de Desenvolvemento sostible (ODS) e sensibilizar á comunidade universitaria, e á sociedade en xeral, sobre a desigualdade, o cambio climático, a perda da biodiversidade, etc.

[+Info](#)

Amplíase o prazo para presentarse ao II Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global. A Coordinadora Galega de ONGD abre a convocatoria da segunda edición do Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global co propósito de recoñecer experiencias educativas transformadoras que fomenten unha cidadanía solidaria, crítica e comprometida coa construción dun mundo xusto. O prazo de presentación de solicitudes e documentación rematará o **30 de novembro de 2022**.

[+Info](#)

IV Edición dos Premios Universidade, coñecemento e Axenda 2030. Atópase aberta a IV Edición dos Premios Universidade, coñecemento e Axenda 2030 para Traballos de Fin de Grao (TFG) e Traballos de Fin de Mestrado (TFM). Iniciativa da Fundación Carolina, a AECID e a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas. Candidaturas ata o 12 de decembro. [+Info](#)

OUTRAS ACTIVIDADES

Charla informativa da campaña **#RegularizacionYa**. O vindeiro día 29 de novembro de 2022 ás 12h no aula B1 terá lugar, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, unha charla informativa da campaña **#RegularizacionYa**. O seu propósito é o de acadar un total de 500.000 asinantes para poder presentar unha iniciativa legislativa popular ante o Congreso dos Deputados, ca fin de regularizar ás arredor de 500.000 persoas migrantes que aínda non teñen acceso os mínimos dereitos.

Movimiento estatal #RegularizacionYa

500.000 sinaturas para 500.000 persoas

CHARLA INFORMATIVA

Achégate a coñecer a iniciativa legislativa popular que procura a regularización de tódalas persoas migrantes e refuxiadas no Estado español

AULA B1 ÁS 12H	29 DE NOVIEMBRE • 2022 FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (CUVI - UVIGO)	RELATORA SARA GUERRERO ALFARO creadora escénica, xornalista e escritora
-------------------	--	--

#REGULARIZACION #ESENCIALES

ECIGAL e Solidariedade Internacional de Galicia organizan as VIII Xornadas de Educación para a Cidadanía Global. Dende ECIGAL e Solidariedade Internacional de Galicia organizan as VIII Xornadas de Educación para a Cidadanía Global. Serán o 9 de novembro, na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Elviña) da Universidade da Coruña. [+Info](#) e inscricións de balde.

Convocatoria para a organización do VII CIED (2024). REEDES convoca ás institucións sociais a que se postulen para organizar o VII Congreso Internacional de Estudos do Desenvolvemento (VII CIED), que se celebrará en 2024. As candidatas deberán presentar unha proposta cos termos da convocatoria. A data límite é o 30 de novembro e a resolución farase o 22 de decembro de 2022. [+Info](#)

Xornada Lei de garantía da liberdade sexual. Unha aproximación española ao convenio de Istambul? O 11 de novembro (11:30h. CET) celébrase en Madrid (Facultade de Dereito, UCM- Campus Moncloa) a xornada Lei de Garantía da Liberdade Sexual: ¿unha aproximación española ao convenio de Istambul? Organizada polo Grupo de Investigación UCM Aplicación do Dereito Internacional (APLIDERINT), en colaboración co Instituto Complutense de Estudos Internacionais (ICEI), socio de REEDES. Inscrición previa. [+Info](#)

Xornada Cidadanía e Xustiza Global. Universidade e Axenda 2030. O 11 de novembro (10:00h. CET), a Universidade Loyola organiza en Córdoba a xornada de testificacións de estudantes que participaron no programa *Aprendizaxe-Servizo na fronteira sur e no Sur Global*, dentro do proxecto *O alumnado universitario como axente de Cidadanía Global e de unha Xustiza cosmopolita. Unha resposta á axenda 2030 dende a Universidade*. A Fundación ETEA, socia de REEDES, colabora na actividade. [+Info](#)

Sesión virtual Economía feminista e sostibilidade da vida. O 11 de novembro (18:30h CET) impártese a sesión virtual *Economía feminista e sostibilidade da vida*, a cargo de Ajenjo-Calderón (UPO). Evento no marco das clases *Cooperación en Aberto* do Mestrado Propio en

Cooperación para o Desenvolvemento, da Cátedra de Cooperación para o Desenvolvemento (CATCODES, UZ), socia de REEDES. Inscripción previa. [+Info](#)

Estrea do libro *Intelixencia Estimativa na Política Exterior Europea*. O 14 de novembro (12:00h. CET) lévase a cabo en Barcelona a estrea do libro *Estimative Intelligence in European Foreign Policy-making: Learning Lessons from an Era of Surprise*. Organizado por Institut Barcelona d'Estudis Internacionals (IBEI), socio de REEDES, no marco dos seus seminarios de investigación. Inscripción previa. [+Info](#)

Xornada Historia de Vida: *Nós no acceso á protección, atención e reparación das mulleres migrantes vítimas de violencia de xénero en España. Propostas de política pública*. O 29 de novembro (9:00h. CET) realízase en Madrid (Centro Cultural La Corrala) a xornada Historia de Vida: *Nós no acceso á protección, atención e reparación das mulleres migrantes vítimas de violencia de xénero en España. Propostas de política pública*. Organiza AIETI, socia de REEDES, xunto con outras entidades. Inscripción previa. [+Info](#)

Xornada *Ocio, adolescentes e xuventude no mundo post-pandémico. Unha aproximación dende o mundo local*. A Facultade de Educación Social e Traballo Social (FESTS) Pere Tarrés (URL) organiza as xornadas de *Ocio, adolescentes e xuventude no mundo post-pandémico. Unha aproximación dende o mundo local*. o próximo 29 de novembro (10:00h. CET) en Barcelona. Inscripción previa. [+Info](#)

Acto *UCO Solidaria: compromiso coa Cooperación ao Desenvolvemento*. O próximo 29 de novembro, terá lugar no Salón de Actos do Reitorado da Universidade de Córdoba o evento "UCO Solidaria: compromiso coa Cooperación ao Desenvolvemento" de 18:00 a 20 horas. [+Info](#)

Clase *Acción humanitaria e o desenvolvemento: conexión no mundo en crisis*. O próximo 1 de decembro (16:00h. CET) impártese a clase en aberto (formato virtual), *Acción humanitaria e o desenvolvemento: conexión no mundo en crisis*, a cargo do noso socio Alfredo

Langa. Organizada pola Facultade de Ciencias Sociais e Humanidades (FCSH, UNIR), socia de REEDES. Inscripción previa. [+Info](#)

POSTOS E VACANTES

KCL: profesor/a de desenvolvemento internacional. O King's College London (KCL, Department of International Development) invita ao envío de candidaturas para o posto de Senior Lecturer in International Development. Solicitudes ata o 5 de decembro. [+Info](#)

UPF: profesor/a asistente de política da Unión Europea. A Universidade Pompeu Fabra (UPF) busca cubrir a vacante de Tenure Track Assistant Professor position in European Union Politics & Policy. Candidaturas ata o 1 de xaneiro de 2023. [+Info](#)

FORMACIÓN

Oferta de Posgraos en Estudos Do Desenvolvemento. Co propósito de dar a coñecer os Programas de Posgrao en Estudos do Desenvolvemento que imparten as nosas institucións socias, poñemos a disposición a información sobre este tipo de programas. [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

O 58% do estudiantado da Universidade de Vigo sufriu acoso por Instagram pero só o 17% denunciou [+Info](#)

Os fondos Next Generation poden supor “unha oportunidade para transformar a nosa economía” ou un “fracaso terrible” [+Info](#)

Un informe dá voz ao persoal docente e investigador con discapacidade [+Info](#)

A Aula Aberta de Educación pecha a súa segunda edición abordando as identidades diversas [+Info](#)

A Axenda 2030 do campus, a debate no Foro Liceo de Ourense [+Info](#)

Preto dunha decena de actividades desenvolverá a UVigo nos tres campus ao abeiro do Plan Corresponsables [+Info](#)

Un obradoiro afonda en como mellorar a atención a vítimas de violencia de xénero xordas [+Info](#)

Un curso busca derrubar mitos sobre un dos piares do rendemento deportivo, a nutrición [+Info](#)

Publicado o novo número da Revista Iberoamericana de Estudos do Desenvolvemento (RIED) [+Info](#)

COÑECE AS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA



O Foro Socioeducativo "Os Ninguéns" é un grupo de persoas de Vigo (cidadáns, activistas, profesionais das ciencias socioeducativas, sanitarias e psicosociais e compañeiras empobrecidas) que en maio do 2015 decidiron poñer en marcha un espazo de encontro na contorna de Vigo, como instrumento transformador para as persoas que non cobren as súas necesidades básicas. A asociación foi galardoada en 2019 co Premio Consello Social UVigo-Humana. Naquela ocasión a organización

foi premiada polo seu traballo a pé de rúa, tarefa coa que contribúen a visibilizar a realidade das persoas máis empobrecidas, vulnerables e excluídas. Á hora de concederlle o devandito premio, a comisión tamén valorou o activismo transformador e assembleario dos Ninguéns no ámbito sociopolítico que, exercido por un grupo variado de profesionais xunto á cidadanía, traballa coas

persoas empobrecidas nun plano de igualdade e denuncia da súa situación e sempre na busca de solución. [+Info](#)

VOLUNTARIADO E PRÁCTICAS PROFESIONAIS

PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO PARA O ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Os membros da nosa comunidade universitaria poden participar en proxectos de voluntariado mediante unha entidade de acción voluntaria. Como alumnado tes dereito ao recoñecemento de créditos ECTS por compartir horas do teu tempo. Podes validar 30 horas de voluntariado por 1 crédito ECTS. Se tes calquera dúbida podes poñerte en contacto co Servizo de Xestión da Extensión Universitaria no seguinte enderezo electrónico: voluntariado@uvigo.gal [+Info](#)

OUTRAS OPORTUNIDADES DE VOLUNTARIADO

Axenda 2030. Axentes de cambio. O voluntariado Axentes do Cambio comezará coas súas accións de información e sensibilización sobre os obxectivos de desenvolvemento sostible e Axenda 2030 durante o mes de xaneiro. Está aberto o prazo para inscricións. [+Info](#)

A miña horta é a túa [+Info](#)

ASDEGAL [+Info](#)

Dorotea [+Info](#)

Clases de apoio escolar a menores en risco de exclusión social [+Info](#)

Naturalmente. Proxecto de acompañamentos, respiros familiares e fomento da vida autónoma en saúde mental [+Info](#)

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivienda [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)